

PLAN DE PENDENTES DEPARTAMENTO DE ARTES VISUAIS 2023-24

EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL

Os/as alumnos/as que teñan pendente Ed Plástica Visual e Audiovisual da ESO, para conseguir os obxectivos fixados, deberán presentar unha serie de traballos semellantes aos realizados no devandito curso, e realizar os exames que non estean superados nese curso. Estes traballos e exames corresponderanse a cada bloque de contidos impartidos da programación que non se superaron nese curso.

O alumnado con algunha materia pendente deste departamento están matriculados nun curso da aula virtual de pendentes, onde teñen toda a información necesaria para poder superar a materia, resumo da programación, actividades e recursos para poder realizalas.

A materia poderá recuperarse presentando e superando os traballos e as probas propostas a cada alumno nas convocatorias de novembro e febreiro, e como data límite na do mes de maio. A profesora propoñerá un calendario de entregas a cada alumno/a no plan de pendentes individualizado e valorará se están superados os obxectivos para a avaliación final.

Para isto a xefa do departamento comunicaralles a temporalización e o desenvolvemento das probas que en cada caso teñan que superar. Durante todo o curso a profesora fará un seguimento do traballo de cada alumno individualmente, distribuíndo as tarefas pendentes nos tres trimestres e axudando coas dúbidas que se poidan ter en cada unha delas. Os traballos entregaranse a través das tarefas propostas no curso da aula virtual e fisicamente á profesora.

Avaliación:

- 50% da nota: nota media dos traballos do curso.
- 50% da nota: nota media dos exames do curso.

Temporalización da entrega de actividades:

En cada trimestre seguindo o calendario elaborado por xefatura de estudos, deberanse entregar as actividades que aparecen no plan de pendentes individualizado, entregado a cada familia en xuño, ou no caso de non estar matriculado neste centro no curso da materia pendente todas as propostas na aula virtual dese curso, e realizar o exame dos contidos correspondentes ás láminas dese trimestre.

Se queda algunha tarefa pendente de entrega nun trimestre entregarse ao seguinte, debendo estar todas entregadas na convocatoria de maio. As entregas deben realizarse en formato .pdf ou .jpeg

DEBUXO TÉCNICO I

Os/as alumnos/as que teñan pendente Debuxo Técnico I, para conseguir os obxectivos fixados, deberán presentar unha serie de traballos semellantes aos realizados no devandito curso, e realizar os exames que non estean superados nese curso. Estes traballos e exames corresponderanse a cada bloque de contidos impartidos da programación que non se superaron nese curso.

Na aula virtual terán os temas do libro coa teoría necesaria para realizar as actividades. Estas actividades son as mesmas que as do curso anterior, deberán entregalas a través das tarefas propostas.

Temporalización da entrega de actividades:

Cada trimestre deberanse entregar as actividades acordadas coa profesora e realizar o exame dos contidos correspondentes ás láminas dese trimestre.

Se queda algunha tarefa pendente de entrega nun trimestre entregarse ao seguinte, debendo estar todas entregadas na convocatoria de maio. As entregas deben realizarse en formato .pdf ou .jpeg

En abril poderán recuperarse os exames pendentes de superación ao longo do curso.

Avaliación:

80% media dos exames do curso.

20% media das láminas do curso.

Convocatoria extraordinaria:

Dado que a materia está dividida en probas relacionadas cos criterios de avaliación, os alumnos terán que realizar unha proba escrita só daquelas partes non superadas, no terceiro trimestre, estas farán media coas xa superadas, sendo esta media o 80% da nota.

Ademais teranse que presentar as láminas propostas durante o 1º, 2º e 3º trimestre non entregadas ou non superadas, para valoralas en conxunto coas xa presentadas e superadas, e obter, segundo a súa corrección, o 20% restante da nota.

A proba realizarase na data e hora fixada no calendario de exames publicado pola dirección do centro, debendo levar á mesma o material de debuxo técnico, lapis 3H, goma, escuadra, cartabón, regra e compás. Todas as láminas entregaranse na aula virtual e fisicamente.

DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA
PROGRAMA DE RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES
CURSO 2023/24
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º

- O alumnado de 2º da ESO, coa bioloxía e xeoloxía de 1ºESO pendente deberá realizar as tarefas do Programa de recuperación de Pendentes.
- Durante o curso realizarase un seguimento do alumnado coa materia pendente.
- Actividades entregaránse escritas con bolígrafo, xunto cos volúmenes do libro de texto, prestados polo Departamento.
- A entrega da actividades realizaráse segundo o calendario que se acorde no centro.
- **A correcta realización destes exercicios ponderará o 60% da nota.**
- **Para acadar unha nota maior, deberán presentarse ao exame correspondente**

Narón, 4 de setembro de 2023

O Departamento de Bioloxía e Xeoloxía

ECONOMÍA

PENDENTES

Non temos alumnado pendente no curso 2023/24

CAMBIO DE MODALIDADE

Temos alumnado en 2º bacharelato coa Economía de primeiro pendente de superar.

Para superala teranse en conta os seguintes criterios de avaliación :

- Os alumnos/as cunha nota superior ao cinco nas probas escritas nos tres parciais terá superada a materia.
- En caso de non superar algunha das probas escritas parciais, terán a oportunidade de facer unha proba escrita final coa mesma estrutura que as probas escritas do curso .

Estrutura das probas escritas:

Procurarase facer como mínimo unha proba por avaliación. Os criterios de avaliación ,dada a estrutura da proba , na corrección e puntuación das respostas ás preguntas do exame aplicaranse con carácter xeral os seguintes criterios:

Nos apartados das preguntas de teoría (cun valor máximo de 1, 25 puntos cada apartado) valorarase especialmente a precisión e concisión na resposta. Nos casos nos que na resposta non se ofrezan definicións exactas e precisas dos conceptos, valoraranse positivamente os exemplos, aclaracións ou explicacións relativas a aqueles.

No relativo aos casos prácticos (problemas), na valoración de cada un dos apartados nos que se pida efectuar un cálculo, terase en conta non só o resultado numérico, senón tamén a corrección (coherencia) da formulación. Ademais, cada un dos apartados valorarase independentemente, de tal xeito que, se está ben formulado, a puntuación do apartado en cuestión non se verá influída negativamente por cálculos equivocados que foran realizados en apartados anteriores.

As preguntas de teoría sumarán 5 puntos, estará formado por preguntas cortas relacionadas con conceptos básicos valorando positivamente os exemplos

Os casos prácticos sumarán outros 5 puntos . Serán dous casos que sumarán 2,5 puntos cada un deles

Superarán a materia, aqueles/as alumnos/as que obteñan unha cualificación igual ou superior a cinco.

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Terase en conta o Plan de Reforzo (artigo 51 da Orde do 8 de Setembro 2021 de atención á diversidade). O plan deberá ser elaborado polo profesorado que imparte a materia baixo directrices do departamento co coñecemento da titora ou titor.

O plan deberá ter como referentes os obxectivos da materia e adquisición de competencias. Realizaráselle ao alumnado unha proposta de traballo completo e individualizada no que se desenvolvan os criterios mínimos exisibles en cada unidade didáctica.

O alumnado que se matricule no curso académico 2023/24 no segundo curso do bacharelato e teña materias pendentes de primeiro curso ou teña que cursalas como pendentes poderá recuperalas durante o curso 2023/24 a través da entrega das actividades acordadas na mencionada proposta de traballo. O departamento de Filosofía propón un plan de traballo baseado nos contidos mínimos exisibles e as actividades recomendadas. Os instrumentos de avaliación a empregar serán Táboas de Indicadores (TI) sobre as actividades propostas na aula virtual e realizadas na aula.

No caso de non superar as probas parciais o alumnado será convocado a unha proba final que se adecuará ás datas previstas para a ABAU e que versará sobre a totalidade dos contidos, e que estará composta por as actividades da anterior proposta de traballo.

A aula virtual xogara un papel esencial no seguimento, avaliación e recuperación da materia. De ser preciso, programaranse clases fóra do horario lectivo (presenciais e/ou telemáticas) para facilitar o progreso do alumnado.

O seguimento do alumnado con materias pendentes corresponderá á xefatura de departamento en coordinación co profesorado de nivel que imparte docencia ao alumno ou alumna.

6. Medidas de atención á diversidade

Non se pode fomentar un proceso de aprendizaxe ensinanza da filosofía sen individualizalo a cada alumnado. Neste sentido as medidas de atención a diversidade son actuacións, estratexias e / ou programas destinadas a proporcionar resposta ás necesidade educativas do alumnado (artigo 7 decreto 229/2011, da lei orgánica 2/2006 de 3 maio).

Na avaliación previa e en coordinación coa xunta de avaliación e o departamento de orientación se desenvolveran as seguintes medidas no caso de ser precisas.

ORDINARIAS: Facilitan a adecuación do curriculum sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos nin dos Criterios de avaliación Dan resposta as diferenzas en competencias, motivación, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe. Sinalamos as seguintes:

1) Adaptación da xestión da aula as características concretas da aual, favorenzo o acceso aos recursoe e a convivencia.

2) Adecuación da programación ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (acesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.

3) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.

4) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.

5) Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.

6) Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.

7) Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

EXTRAORDINARIAS. Diseñadas para atender necesidade específicas de apoio que requiran modificacións significativas do curriculum ou supoñan unhamodificaíon organizativa ou ben do xeito de acceder ao curriculum ou da modalidade de escolarización. Serán aplicadas cando as ordinarias sexan insuficientes ou se demostren esgotadas. Son casos nos que ai barreiras singificativas para conseguir os obxectivos da aprendizaxe axeitadas ao seu desenvolvemento (atraso madurativo, transtornos do desenvolvemento relacionados coa linguaxe e/ou comunicación, descoñecemento da (s) lingua(s) de aprendizaxe, vulnerabilidade socio educativa ou polas altas capacidades entre outras).



28-PLAN DE REFORZO PARA ALUMNADO CON MATERIAS SEN SUPERAR

MATERIA: FÍSICA E QUÍMICA 3º ESO

PROFESOR/A: Raquel Pérez Aguado

1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA/O ALUMNA/O:

APELIDOS: Rivera Pereira
NOME: Asier
CURSO:4º ESO
GRUPO:C

2. CONTIDOS E DATAS DAS PROBAS

	DATAS	CONTIDOS
<i>INICIAL GLOBAL</i>	29 de setembro (venres)	Unidade 1 O traballo científico Unidade 2 O Átomo e o sistema periódico Unidade 3 Elementos e compostos Formulación inorgánica Unidade 4 Reaccións químicas Unidade 7 A corrente eléctrica. Circuitos eléctricos
<i>NOVEMBRO</i>	10 de novembro (venres)	Unidade 1 O traballo científico Unidade 2 O Átomo Unidade 3 Elementos e compostos (I)
<i>FEBREIRO</i>	5-8 febreiro	Formulación inorgánica Unidade 4 Reaccións químicas Unidade 7 A corrente eléctrica. Circuitos eléctricos
<i>MAIO</i>	10 de maio (venres)	Neste exame recuperará os exames suspensos novembro e/ou febreiro), en caso de ser necesario.



3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN RECOLLIDOS NA PROGRAMACIÓN

1.	Identificar magnitude, cantidade e unidade.
2.	Coñecer as magnitudes fundamentais e as súas unidades e diferenciais das derivadas.
3.	Expresar as distintas magnitudes en unidades do Sistema Internacional empregando factores de conversión.
4.	Expresar os resultados da forma máis axeitada coas súas cifras significativas e notación científica.
5.	Coñecer o material de laboratorio básico para realizar experiencias sinxelas e sabe utilizalo tendo en conta as normas básicas de traballo no laboratorio.
6.	Interpretar e representar gráficas.
7.	Coñece as distintas achegas dos modelos atómicos de Dalton, Thomson, Rutherford e Bohr.
8.	Coñecer os conceptos de número atómico e número másico e saber aplicarlos para determinar o número de partículas subatómicas e coñecer a súa disposición.
9.	Coñecer o concepto de isótopo.
10.	Determinar o número de partículas que conteñen os ions dependendo da ganancia ou perda de electróns.
11.	Diferenciar entre enlace iónico, covalente e metálico.
12.	Relacionar as propiedades co tipo de enlace.
13.	Saber buscar información no sistema periódico: grupo, período, nº atómico, masa atómica, carácter metálico.
14.	Calcular a masa molecular de compostos químicos.
15.	Relaciona o concepto de mol co número de partículas e a masa molar.
16.	Saber facer cálculos aplicando o concepto de mol.



17.	Formular e nomear compostos binarios e hidróxidos seguindo as normas da IUPAC.
18.	Describir a nivel molecular o proceso polo cal os reactivos transfórmanse en produtos en termos da teoría de colisións.
19.	Coñecer a lei de conservación da masa e recoñecer reactivos e produtos nas ecuacións químicas.
20.	Coñecer os tipos de cargas eléctricas, o seu papel na constitución da materia e as características das forzas que se manifestan entre elas.
21.	Interpretar fenómenos eléctricos mediante o modelo de carga eléctrica e valorar a importancia da electricidade na vida cotiá.
22.	Xustificar cualitativamente fenómenos magnéticos e valorar a contribución do magnetismo no desenvolvemento tecnolóxico.

4. TAREFAS A REALIZAR E DATAS DE ENTREGA.

	DATA LÍMITE DE ENTREGA DAS TAREFAS
Boletín de exercicios das unidades 1, 2, 3.	10 de novembro (venres)
Boletín de exercicios das unidades 4, 7 e formulación inorgánica.	Semana 5-8 de febreiro
Tarefas pendentes de entrega	10 de maio (venres)

5. RECURSOS A UTILIZAR

- Libro de texto
- Aula virtual
- Boletín de exercicios

6. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- Seguimento e apoio durante a realización da tarefa mediante atención en persoa ou por medio da aula virtual
- Información persoal á familia mediante Abalar, conversacións telefónicas ou entrevistas presenciais.
- Existencia dunha persoa responsable da titoría de materias pendentes

7. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.

- Farase de acordo aos seguintes indicadores:
 - A finais de setembro haberá un exame no que o alumno poderá recuperar a materia.
 - O alumnado con materia pendente estará matriculado na aula virtual onde disporá de información e materiais para a preparación da materia.



- De non superaren a materia na convocatoria de setembro, entregaráselle actividades que irán resolvendo na casa e devolverán á profesora. De non entregaren o traballo informarase ao titor de pendentes para que o poña en coñecemento das familias.
 - Ao longo do curso poderán resolver dúbidas nos recreos, concertando previamente cita coa profesora.
 - A entrega de material e a resolución de dúbidas realizarase de forma tanto presencial coma a través da aula virtual do centro.
 - Realizaranse dous exames (en novembro e febreiro). Para o alumnado que non supere estes exames ou que falte aos mesmos de xeito xustifico, farase un seguimento proporcionándolle follas de actividades que irán resolvendo na casa e entregando á profesora.
 - En maio realizarase un exame final no que se poderán recuperar os parciais suspensos.
 - A nota final será a media dos dous exames parciais.
- Para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

8. ACREDITACIÓN DA INFORMACIÓN Á FAMILIA


Informo de que, tal e como se recolle no artigo 52 da *Ordedo 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia* vaíse levar a cabo un Plan específico personalizado para o alumnado que promocionou de curso, con materias sen superar.

E para que quede constancia, asinan a presente:

En Narón a 18 de setembro de 2023

Asdo: Profesor/a da materia

Asdo. Nai/pai ou titores


Firmado digitalmente por
PEREZ AGUADO RAQUEL -
32680593P
Nombre de reconocimiento
(DN):=ES,
serialNumber=IDCES-32680
593P, givenName=RAQUEL,
sn=PEREZ AGUADO,
cn=PEREZ AGUADO
RAQUEL - 32680593P
Fecha: 2023.09.18 22:24:01
+02'00'

Actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente

Física e Química – 1.º Bacharelato

Curso 2023-24

SISTEMA DE AVALIACIÓN

Para os alumnos que non superaron a Física e Química de 1.º Bacharelato, establécense os pasos seguintes para a recuperación da materia (*):

- *A finais de setembro haberá un exame no que os alumnos poderán recuperar a materia.*
- Nas primeiras semanas de curso convocaráselles a unha reunión na súa aula correspondente, na que se lles entregarán por escrito os contidos, os criterios de avaliación, que serán os do curso anterior, e informarase do n.º de probas a realizar e das datas.
- Entregaráselles tamén o material que precisen para preparar a materia.
- Ao longo do curso poderán expor dúbidas durante os recreos, concertando previamente cita, que resolverá a xefa de departamento, a cal acudirá á súa aula no recreo acordado.
- A entrega de material e a resolución de dúbidas realizarase de forma tanto presencial coma virtual, a través da aula virtual do centro.
- No mes de novembro farase un primeiro exame parcial de QUÍMICA.
- No mes de febreiro farase un segundo exame parcial de FÍSICA.
- Nas datas que comunique Xefatura de Estudos, cara ao final de curso, realizarase un exame final no que os alumnos poderán recuperar os parciais suspensos.
- A nota final será a media dos dous exames parciais.

CONTIDOS PENDENTES

Todos os programados o curso anterior:

1.º EXAME: QUÍMICA

- UD -- O átomo e o sistema periódico
- UD -- Enlace químico e nomenclatura inorgánica
- UD – Estequiometría
- UD -- Química orgánica
- UD -- Reaccións químicas de interese

2.º EXAME: FÍSICA

- UD -- Cinemática do punto material
- UD – Estática
- UD – Dinámica
- UD -- Traballo e enerxía
- UD -- Calor

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PENDENTES

Todos os que aparecen adxuntos na táboa correspondente da programación do curso 2022-23 (dispoñible na páxina web do centro), coa excepción dos relacionados coa dinámica de rotación.

(*) *O alumnado con materia pendente estará matriculado nun curso da aula virtual onde disporá de información e materiais para a preparación da materia.*

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

Haberá tres oportunidades: novembro, febreiro, abril (para 2º de Bach), e maio, para o resto de niveis. Haberá ao final a extraordinaria de xuño, para todos os niveis. Cada convocatoria terá un carácter final, de maneira que se o alumno/a aproba nesa convocatoria, a materia quedaralle aprobada. Os criterios de cualificación son: 80% é o exame, no que entra Gramática, vocabulario, reading, e writing. E o 20% restante corresponde o traballo que o alumno/a realice en clase na asignatura no curso actual.

En canto a 3º e 4º PDC, como o inglés forma parte do ámbito sociolingüístico, acordouse que se o alumno/a aproba a materia de inglés no ano cursado, xa nunha avaliación, quedaralle, automaticamente aprobada a materia pendente.

PENDENTES/ALUMNADO QUE NON CURSOU LATÍN I 1º BACHARELATO CURSO 2023/24

1º PARCIAL

1. O latín, lingua indoeuropea.
2. As linguas románicas.
3. Concepto de declinación. As declinacións e os seus temas.
4. Funcións dos casos latinos.
5. Concepto de enunciado: nominal e verbal.
6. Morfoloxía nominal: 1ª, 2ª declinación e temas en consonante 3ª declinación (substantivos e adxectivos).
7. Pronomes posesivos.
8. Morfoloxía verbal. As conxugacións latinas. Tema de presente modo indicativo voz activa das catro conxugacións latinas e o verbo *sum*.
9. Palabras invariables: adverbios, preposicións e conxuncións coordinadas.
10. Sintaxe: concordancia suxeito- verbo, substantivo- adxectivo, aposición.
11. A oración simple e composta (coordinadas).

2º PARCIAL (neste parcial entra toda a morfoloxía e sintaxe anterior)

1. Morfoloxía nominal: declinacións: temas en –i (substantivos e adxectivos 3ª declinación), 4ª e 5ª .
2. Graos do adxectivo: morfoloxía e sintaxe.
3. Morfoloxía verbal (catro conxugacións e verbo *sum*): tema de presente: presente e imperfecto de subxuntivo, tema de perfecto modo indicativo, presente de imperativo, formas nominais do verbo (participios e infinitivos) , voz activa e pasiva.
4. Complementos circunstanciais de lugar e tempo.
5. Pronomes persoais.
6. Sintaxe: CC, complemento predicativo. Participios concertados e uso nominal do infinitivo.

EXAME: o exame consta dunha parte de morfoloxía e outra de sintaxe e tradución con exercicios similares aos que conteñen os cadernos.

ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS

O departamento de Latín propón dúas modalidades para superar a materia Latín I.

Os alumnos pendentes de Latín I de 1º de Bacharelato, teñen unha convocatoria de exame a finais de setembro no que entra a materia correspondente aos dous parciais (especificada supra). Para aprobar a materia o alumno deberá sacar un 5.

Se non supera a materia, o alumno deberá acollerse ao plan de pendentes.

PLAN DE PENDENTES/ALUMNADO QUE NON CURSOU LATÍN I

O primeiro exame terá lugar no mes de novembro na data que determine Xefatura de Estudos e entrarán os contidos correspondentes ao primeiro parcial; o segundo exame será no mes de febreiro na data proposta por Xefatura de Estudos, no que entra toda a materia. Non é necesario realizar o exame final se o alumno aproba con nota mínima de 4 o primeiro parcial e de 5 o segundo parcial. Remitímonos aos mínimos esixibles desta programación para poder obter un aprobado. Para facilitar que o alumno acade o nivel, pode facer un caderno de exercicios (publicado na Aula Virtual) en cada parcial e deben ser entregados o día do exame de pendentes; serán cualificados cunha porcentaxe do 10%. O exame será cualificado cunha porcentaxe do 90%.

Se non se superan os exames parciais, no mes de maio haberá unha convocatoria de exame final no que entra todos os contidos. Para superar a materia a nota mínima será 5.

O horario de atención a pendentes (resolución de dúbidas) será nos recreos en que a profesora non teña gardas, avisando o alumno previamente a profesora. Proporcionaráselles aos alumnos material para traballar a parte práctica (análise morfosintáctica e tradución). Este material será revisado pola profesora para indicarlle ao alumno o que tería que corrixir.

Os cadernos de exercicios estarán dispoñibles na Aula Virtual.

Os alumnos que non cursaron en 1º Bacharelato Latín I, deberán seguir este plan para poder cursar e superar Latín I.

Xefa de departamento

Mercedes Santalla Felgueiras

En Narón 11 de setembro de 2023

DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Contidos e temporalización. Actividades de seguimento:

Os contidos para os alumnos cunha materia pendente son os mesmos que para os alumnos matriculados no curso correspondente. O departamento (o profesor do alumno ou a xefa de departamento) de Lingua e literatura castelá orientará aos alumnos sobre aqueles contidos que deben de traballarse de forma máis detallada.

Os alumnos que teñan a Lingua castelá pendente do curso anterior farán un examen en **setembro** de toda a materia que contará cun valor de 80%. O 20% restante poderano obter facendo o cuaderno de actividades de reforzo que se lle proporcionará ao alumno. Si alcanza un 5 nesta proba de setembro quedaralle aprobada a materia pendente.

Si non aproba en setembro cursará de novo a asignatura que se estruturará en dúas metades e será avaliado en dous parciais (novembro e febreiro). Terá que obter unha media de 5 entre ambos. O exame de cada un dos parciais pondérase cun 80% e o 20% restante corresponde ao caderno de reforzo. Si a media lle da aprobada (5) quedaralle aprobada a materia pendente.

Non se fará media si non alcanza un mínimo de tres sobre dez nalgunha das dúas probas realizadas.

No mes de maio convocarase unha **proba final** na que se avaliará **toda a materia do curso** á que deberán acudir únicamente aqueles alumnos que non alcancen a nota mínima de 5 puntos resultado da media das dúas avaliacións. Igualmente a porcentaxe do exame nesta é do 80% e 20% os exercicios de reforzo realizados.

Os alumnos que forman parte de PDC ou Agrupamentos flexibles ou outro tipo de medidas de atención á diversidade pero teñen pendente a Lingua castelá do curso anterior serán avaliados da pendente con estes mesmos porcentaxes e criterios. Terán que facer as mesmas probas que os alumnos que promocionaron a un curso estándar.

DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA

PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES. ESO.

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

A principio de curso a xefa de departamento reunirase cos alumnos pendentes para informalos do procedemento a seguir ao longo do curso que, como norma xeral, será:

-Na última semana de setembro haberá un exame extraordinario para os devanditos alumnos. De superaren dito exame quedarán coa materia recuperada.

-Aos alumnos que non recuperen mediante este exame aplicaráselles o seguinte procedemento:

-Serán avaliados polo traballo continuado, con tarefas que deberán entregar periodicamente ao/á profesor/a para o seu seguimento (corrección, consulta de dúbidas ...).

Segundo o reflectido anteriormente, suprimimos os exames da materia pendente na ESO se aproban por parciais coa entrega dos traballos propostos e renden positivamente no nivel superior.

Será o profesorado destes alumnos, no curso en vigor, quen avaliará o traballo que se lles encomende co obxectivo de indicar as notas da materia pendente.

Así pois, na ESO, coa realización do traballo proposto que será supervisado e valorado polo/a profesor/a do curso en vigor, máis a avaliación positiva (aprobado) do curso actual no terían que realizar o exame final da pendente e a materia estaría superada. No caso contrario, irían ao exame final de pendentes no mes de maio. Non obstante, de non acadar superar este exame final terían una derradeira oportunidade realizando una proba, cuxo resultado será reflectido na avaliación final ordinaria do curso que estea matriculado/a actualmente o/a alumno/a.

PLAN DE PENDENTES 23/24. Departamento de Matemáticas

Dado que non hai convocatoria extraordinaria de setembro, aprobouse por unanimidade na CCP de xuño do 2022, fixar unha semana de exames globais a finais de setembro, para pendentes de ESO e BAC, cun calendario elaborado por XE

Se o/a alumno/a consegue o aprobado, esa nota reflectirase en todas as avaliacións de pendentes.

No caso de que suspenda, acolleranse ao plan de pendentes que se recolle na programación.

Se ademais o alumnado coa materia pendente debe entregar algún tipo de repaso ou traballo o día do exame, hai que comunicarllo ao alumnado e á familia.

A existencia desa convocatoria foi comunicada ás familias por Abalar a finais de xuño co obxectivo de que, os que o desexaran, prepararan a materia no verán.

A continuación detállase o procedemento para a recuperación das materias pendentes na ESO e para as materias de 1º de Bacharelato das que están matriculados alumnos de 2º de Bacharelato.

O Xefe ou Xefa do Departamento entregará aos alumnos unhas follas con exercicios de cada unha das partes. O seguimento farao o profesor que imparte a materia do curso en que está o alumno.

- Faranse dous exames parciais e un final. Cada exame constará dunha parte con exercicios similares aos dos boletíns entregados a principio de curso.
- As recuperacións de pendentes na ESO faranse nas datas orientativas que se indican a continuación e cada profesor/a que imparta cursos deste nivel encargarse de corrixir as probas tanto parciais como final dos seus alumnos/as durante o presente curso académico, para así facer un seguimento máis próximo dos progresos destes.

- As recuperacións de bacharelato faranse tamén nas datas seguintes e encargarse de corrixir as probas o profesor/a responsable da materia.
- As probas poñeranse conxuntamente entre tódolos membros do Departamento e serán iguais para tódalas seccións dun mesmo curso aínda que sexan corrixidas por diferentes profesores/as.

Datas dos exames:

- Primeiro exame parcial: Novembro.
- Segundo exame parcial: Febreiro.
- Exame final: Abril (Bacharelato)/maio(ESO).

Avaliación:

- Faremos a media aritmética entre as dúas notas obtidas nas probas parciais sempre que as puntuacións sexan como mínimo de 4.5 puntos en cada unha das partes.
- No caso de que as dúas probas teñan unha puntuación maior ou igual que 4.5 e a media entre elas sexa 5 ou máis, a materia quedará recuperada.
- No caso de ter unha puntuación menor de 4.5 puntos nunha das partes tendo a outra cunha puntuación maior ou igual que 5 non se fará a media.
 - O alumno poderá elixir entre facer o exame final de toda a materia ou repetir só esa parte suspensa.
 - a) No caso de elixir repetir só a parte suspensa, para facer a nota final, contará a nota obtida na repetición desta. Se esta é de 4.5 ou máis, fará media coa nota da parte aprobada. Se a media é menor que 5 a materia queda sen recuperar. Se é de 5 ou máis queda recuperada.
 - b) No caso de elixir facer un exame final, terá que acadar neste a

cualificación de 5 ou máis para poder aprobar.

- Os alumnos que teñan as dúas partes suspensas, farán o exame final, en maio.

Alumnado de 4º PDC que teña algunha materia do departamento pendente:

Encargarase o profesor do ámbito do presente curso de deseñar un plan específico de recuperación e de realizar as probas que considere oportunas para certificar a consecución dos obxectivos da materia pendente.

O profesor/a informará debidamente ao alumnado.

O profesor valorará ao alumnado con materia pendente tendo en conta as necesidades educativas de cada alumno/a de xeito individual.

De todos os xeitos, tal e como recolle a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 51, correspondente ao Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar, no caso de alumnado de PDC: As materias dos cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideraranse superadas se se supera o ámbito correspondente.

PLAN DE RECUPERACIÓN DE PENDIENTES DE MÚSICA

Los alumnos, serán debidamente informados tanto de las fechas de exámenes, como de los contenidos a recuperar, facilitándoles el material necesario para conseguir un resultado satisfactorio.

Las fechas estarán colgadas en la página web del centro.

La profesora les entregará un cuadernillo de ejercicios con la materia a recuperar. Tendrán que entregarlo en las fechas estipuladas.

Si en la primera fecha de entrega es en el tiempo requerido de las actividades propuestas, así como que las tareas estén bien resueltas, supondrá la recuperación de la materia.

PLAN DE REFORZO PARA ALUMNADO CON MATERIAS SEN SUPERAR

MATERIA: TECNOLOXÍA 1º ESO

1. CONTIDOS E DATAS DAS PROBAS ESCRITAS

	DATAS	CONTIDOS
<i>INICIAL GLOBAL</i>	28/09/2023	EXAME DE TODA A MATERIA DO CURSO
<i>NOVEMBRO</i>	A determinar	EXAME DA PARTE 1: O PROCESO TECNOLÓXICO E A EXPRESIÓN GRÁFICA
<i>FEBREIRO</i>	A determinar	EXAME DA PARTE 2: MATERIAIS DE USO TÉCNICO E ESTRUTURAS
<i>MAIO</i>	A determinar	A PARTE OU PARTES NON SUPERADAS NAS AVALIACIÓNS PARCIAIS

2. TAREFAS A REALIZAR E DATAS DE ENTREGA.

	DATA LÍMITE DE ENTREGA DAS TAREFAS
Boletín de exercicios relacionados cos contidos da primeira parte: O PROCESO TECNOLÓXICO E A EXPRESIÓN GRÁFICA	02/11/2023
Boletín de exercicios relacionados cos contidos da segunda parte: MATERIAIS DE USO TÉCNICO E ESTRUTURAS	02/02/2024

3. RECURSOS A UTILIZAR

- Aula virtual
- Boletín de exercicios

4. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- Seguimento e apoio durante a realización da tarefa mediante atención en persoa ou por medio da aula virtual. O alumnado poderá ter titoría presencial durante un recreo á semana á convenir para resolver dúbidas no taller de tecnoloxía.
- Información persoal á familia mediante Abalar, conversacións telefónicas ou entrevistas presenciais.
- Existencia dunha persoa responsable da titoría de materias pendentes

5. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.

- Farase con arreglo ós seguintes indicadores:
 - PROBA DE SETEMBRO: os contidos son todos os do curso e a nota será o 100% a proba escrita. O/As alumnos/as que superen esta proba terán recuperada a materia e non terán que presentarse a máis probas durante o curso.
 - PARTE 1 NOVEMBRO: Os contidos son os indicados para esta parte. A nota será: 50% a proba escrita e 50% o boletín de exercicios.
 - PARTE 2 FEBREIRO: Os contidos son os indicados para esta parte. A nota será: 50% a proba escrita e 50% o boletín de exercicios.
 - PROBA MAIO: os contidos son os da parte/s non superada/s. A nota será o 100% a proba escrita.
- Comprobación do nivel das realización das tarefas encomendadas
- Seguimento en cada sesión de avaliación e na sesión de avaliación inicial de ser o caso realizando os axustes necesarios.
- Para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

PLAN DE REFORZO PARA ALUMNADO CON MATERIAS SEN SUPERAR

MATERIA: TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA 1º BACHARELATO

1. CONTIDOS E DATAS DAS PROBAS ESCRITAS

	DATAS	CONTIDOS
<i>INICIAL GLOBAL</i>	28/09/2023	EXAME DE TODA A MATERIA DO CURSO
<i>NOVEMBRO</i>	A determinar	EXAME DA PARTE 1: MATERIAIS, ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA E RECURSOS ENERXÉTICOS
<i>FEBREIRO</i>	A determinar	EXAME DA PARTE 2: MECÁNICA E INSTALACIÓNS NA VIVENDA
<i>ABRIL</i>	A determinar	A PARTE OU PARTES NON SUPERADAS NAS AVALIACIÓNS PARCIAIS

2. TAREFAS A REALIZAR E DATAS DE ENTREGA.

Non haberá entrega de tarefas.

3. RECURSOS A UTILIZAR

- Aula virtual
- Boletín de exercicios

4. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- Seguimento e apoio durante mediante atención en persoa ou por medio da aula virtual. O alumnado poderá ter titoría presencial durante un recreo á semana á convenir para resolver dúbidas no taller de tecnoloxía.
- Información persoal á familia mediante Abalar, conversacións telefónicas ou entrevistas presenciais.
- Existencia dunha persoa responsable da titoría de materias pendentes

5. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.

- Farase con arreglo ós seguintes indicadores:
 - PROBA DE SETEMBRO: os contidos son todos os do curso e a nota será o 100% a proba escrita. O/As alumnos/as que superen esta proba terán



- recuperada a materia e non terán que presentarse a máis probas durante o curso.
- PARTE 1 NOVEMBRO: Os contidos son os indicados para esta parte e a nota será o 100% a proba escrita.
 - PARTE 2 FEBREIRO: Os contidos son os indicados para esta parte e a nota será o 100% a proba escrita.
 - PROBA ABRIL: os contidos son os da parte/s non superada/s. A nota será o 100% a proba escrita.
- Seguimento en cada sesión de avaliación e na sesión de avaliación inicial de ser o caso realizando os axustes necesarios.
 - Para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

Plan de Recuperación de materias pendientes

No presente curso este Departamento contará con alumnos que presentan a Xeografía e Historia pendentes de 1º, 2º e 3º de ESO.

Para estes alumnos, que non lograsen superar a convocatoria de recuperación, celebrada a finais do mes de setembro, establécense os pasos seguintes para a recuperación da materia:

-A partir do día 4 de outubro o alumnado con materias pendentes será convocado a unha reunión na que se lles entregará un boletín de traballo para preparar a materia.

-Este boletín, realizado polo Departamento de Xeografía e Historia, consistirá nunhas fichas de traballo cunha selección dos termos, conceptos, supostos teóricos e prácticos da materia a recuperar, que entregarán aos alumnos para a elaboración e resolución dos mesmos antes dos exames parciais de recuperación.

-Ao longo do curso poderán plantexar todas as dúbidas que teñan e estas serán resoltas polo xefe de departamento.

-Realizaranse dous exames de recuperación da materia pendente: En cada un destes exames será posible recuperar a totalidade da materia. Os exames contarán ata un 75% da nota final.

-A principios do mes de Novembro farase un primeiro exame que

-Na primeira metade do mes de Febreiro ten lugar o segundo exame.

-Estas datas estarán fixadas no calendario preparado pola xefatura de estudos.


-Con anterioridade aos exames os/as alumnos/as deberán entregar o boletín de traballo nas datas que lles sexan marcadas, co fin de serlles devoltos, xa corrixidos, para o seu estudo definitivo. Este traballo contará ata un 25% da nota do parcial sempre que se realice de forma correcta na súa totalidade e sen erros nin faltas ortográficas ou de redacción; non sexa igual ó de algún compañeiro; ou por outros motivos que faga restar puntuación. O alumno/a que non entregue os exercicios na data indicada contabilizará un 0 neste apartado e poderá presentarse a cada exame parcial, pero debe obter o 50% dos puntos para lograr o aprobado.

-Os/as alumnos/as que cursen 3º PDC coa materia de Xeografía e Historia pendente de cursos anteriores, debido ás dificultades de aprendizaxe que presentan, irán realizando este traballo na aula baixo a supervisión da profesora que imparte o ámbito socio-lingüístico en 3º PDC, sendo corrixido finalmente polo xefe do departamento de X e Hª quen o valorará seguindo os criterios de avaliación marcados anteriormente (comprensión, presentación, expresión escrita, etc.). Este traballo contará ata un 50% da nota sempre que se realice de forma correcta na súa totalidade e sen erros nin faltas ortográficas ou de redacción.

-Se o alumno aproba este traballo, non precisaría realizar o exame acadando un 5 como nota do parcial. No caso de querer obter maior nota poderá presentarse de xeito voluntario a un exame valorado sobre 5 sumándose a cualificación obtida neste á nota do traballo.

-Se o alumno non acada os 5 puntos do traballo deberá presentarse obrigatoriamente ao exame valorado sobre 5, sendo a nota global a suma da puntuación acadada no traballo máis a nota obtida no exame.

-A nota final será a media das dúas avaliacións parciais. En caso de suspender algunha das avaliacións parciais cunha nota non compensatoria co outro (inferior a 4 puntos na suma da puntuación da ficha e o exame), na primeira semana de Maio, realizarase un exame final para aqueles alumnos que deban recuperar as avaliacións parciais suspensas.



Asdo. Adrián Rodríguez,
xefe de dpto. Xeografía e Historia